



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN INTEGRAL DE ESPECTÁCULOS DAS FESTAS PATRONAIS DE SAN FROILÁN 2016 ORGANIZADOS POLO CONCELLO DE LUGO. LECTURA DE INFORME TÉCNICO E PROPOSTA DE SELECCIÓN.

**LOTE 1. PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA PRAZA HORTA DO SEMINARIO.
LOTE 2: PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA PRAZA DE SANTA MARÍA.
LOTE 3: PRODUCCIÓN DE ESPECTÁCULOS NO PATIO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DO CONCELLO.**

Sendo as 10:30 horas do día 23 de setembro de 2016, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Técnico do servizo de contratación, dona Ana Tabarés Martínez, e actuando como vocais:

- . don Xosé Manuel Cao Rei, Xefe do servizo municipal de Contratación, Patrimonio e Fomento, actuando como Secretario.
- . Dona María García Ferro, Vicesecretaria do Concello de Lugo; actuando en representación da Asesoría Xurídica.
- . Don Marcial Rodríguez Toajas, interventor do Concello de Lugo
- . Don Manuel Louzao Aldariz, titular da asesoría xurídica do Concello de Lugo
- . Dona Consuelo Rodríguez Bao, funcionario do servizo de Cultura do Concello de Lugo.

Tendo que ausentarse o Sr. Interventor da Mesa ás 11,00 horas se interrompe a celebración e xuntanza e se avisa aos abaixo relacionados de que novamente reunirse a Mesa ás 12:30 para continuar coa súa celebración.

Ás 12:30 horas réunese novamente a Mesa á que asisten don IGNACIO CRECENTE, en representación de ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS S.L; don HUGO GONZÁLEZ, en representación de FM SONIDO PROFESIONAL (Fernando Martínez Rodríguez); don ANTONIO REIJA, en representación de NALGURES PRODUCCIONES S.L e don JOSÉ SACARRERA en representación de PRODUCCIONES EMSAC

Procédese por parte do secretario da mesa a dar lectura o informe técnico emitido pola Sección de Cultura en data 20/09/2016 solicitado polos membros da mesa de contratación na súa sesión celebrada o pasado día 12 de setembro sobre o cumprimento das condicións e requisitos esixidos no prego técnico da documentación que se achega xunto coa oferta económica, co seguinte teor:

"ASUNTO: Contratación da produción integral de espectáculos das festas patronais de San Froilán 2016 organizadas polo Concello de Lugo. Lote 1. Producción de espectáculos na praza Horta do

CONTRATACION

XMCR/rdi

Ref: PRODUCCIÓN SAN FROILÁN 2016

Asunto: ACTA LECTURA INFORME TÉCNICO E NOVA PROPOSTA SELECCIÓN

Seminario. Lote 2. Producción de espectáculos na praza de Santa María. Lote 3. Producción de espectáculos no patio do Edificio Administrativo do Concello.

Consuelo Rodríguez Bao, animadora sociocultural adscrita ao departamento de Cultura co asesoramento de Efrén Pereira Álvarez, enxeñeiro técnico industrial adscrito ao negociado de Policía e co cometido de control dos equipos nos escenarios neste San Froilán 2016, **INFORMA:**

Tras realizar a comprobación da documentación contida no SOBRE B, oferta técnica, debe determinarse a súa adecuación ás características establecidas no prego:

- Memoria xustificativa dos elementos, materiais e equipos que debe subministrar e montar.
- Planos e condicións de montaxe. Fichas técnicas do escenario, estruturas complementarias do mesmo, plataformas, valados, casetas. Homologacións.
- Medios, especificacións e equipos de montaxe.
- Relación exhaustiva daqueles elementos ou partes do contrato nos que estea prevista subcontratación.

A falta de presentación desta documentación dentro do sobre B será motivo de exclusión do procedemento. Do mesmo xeito, quedará excluído se da súa comprobación se conclúise que non cumpre o prego técnico”.

A mesa de contratación reunida o día 12 de setembro de 2016 ás 13.00 horas seguindo o indicado nas bases, tomou como criterio único avaliable automaticamente, a oferta económica contida no SOBRE A, o que deu como resultado:

Lote 1. Horta do Seminario - Producciones Emsac - 73.205 €

Lote 2. Santa María - FM Sonido Profesional (Fernando Martínez R.) - 54.965,46 €

Lote 3. Edificio Administrativo do Concello - Solimusic Events - 26.570,39 €

Tras avaliar o mencionado SOBRE B, facemos as seguintes observacións:

Lote 1. Horta do Seminario - **Producciones Emsac**

MEMORIA	SI
PLANOS	SI
MEDIOS	SI
SUBCONTRATACIÓN	SI

OBSERVACIÓN: É precisa aclaración das cotas dos planos do escenario, que non son lexibles. Propón a instalación dun escenario de 255,36 metros aproximadamente e nas bases as dimensións establecidas eran 14 x 12 (fronte-fondo) polo que se somete á mesa de contratación a solicitude de aclaración de se, respectando escrupulosamente as medidas indicadas no prego, ao ser un escenario modular, eses metros que excede dos 168 se corresponden coas extensións laterais para soportar ás de son e se é posible instalalo nesa praza.

Lote 2. Santa María - **FM Sonido Profesional (Fernando Martínez Rodríguez)**

MEMORIA	SI
PLANOS	SI
MEDIOS	SI. SUCINTO PERO SI.
SUBCONTRATACIÓN	SI, EXHAUSTIVA.

OBSERVACIÓNS: Non se menciona a subministración dunha máquina de fume; non obstante, ao non precisarse nos pregos as características técnicas que comprobar, simplemente debería asegurarse a súa subministración.

Lote 3. Edificio Administrativo do Concello - **Solimusic Events**

MEMORIA	NON SE MENCIONA EQUIPO DE LUZ E SON. O QUE DENOMINA MEMORIA TÉCNICA É UNHA BREVE E SUCINTA RELACIÓN INCOMPLETA DOS MEDIOS MÁIS IMPORTANTES: ESCENARIO, CARPA, CAMERINOS, GRUPO ELECTRÓXENOS E SANITARIOS.
PLANOS	NON PRESENTA NINGÚN, SIMPLEMENTE UNHA INFOGRAFÍA SEN DETALLE DE MEDIDA NINGUNHA.
MEDIOS	NON MENCIONA.
SUBCONTRATACIÓN	NON TAN EXHAUSTIVO COMA OS DOS ANTERIORES LICITADORES.

OBSERVACIÓNS: Non se menciona a instalación de cadeiras e moqueta para o público; non obstante, ao non precisarse nos pregos as características técnicas que comprobar, simplemente debería asegurarse a súa subministración.

Faltan dimensións dos camerinos que permitan deducir a súa adecuación ao prego.

Da imaxe dunha cabina sanitaria non hai información para deducir se se adecúan ao prego: unha delas debe ser para persoas con mobilidade reducida.

En resumo, as observacións feitas nos lotes 1 e 2 non teñen unha relevancia excesiva se ben se podería pedir unha nova aclaración para a súa constancia no expediente; con respecto á 3ª proposta, adoece dunha concreción mínima como para valorar a idoneidade da proposta. A pesar de ser o terceiro o lote de menor complexidade có primeiro e segundo, isto non obvia a necesidade de responder aos catro puntos das bases.

Estimamos que deben continuar valorándose sobres das empresas que concorreron ao lote 3:

Lote 3. Edificio Administrativo do Concello:

- Solimusic events s.l.u.-----	26.570,39 €
- Alenti soluciones para eventos s.l.u.-----	27.527,50 €
- Alfonso Muñoz Meilán.-----	31.772,50 €
- Asa-son s.l.u.-----	34.243 €
- Cega congresos audiovisuales s.l.-----	39.264,50 €
- Nalgures producciones s.l.-----	40.291,79 €

Continúase a valoración por orde da oferta económica:

Lote 3. Patio do Seminario - **Alenti Soluciones para Eventos s.l.u.**

MEMORIA	NON SE MENCIONA EQUIPO DE LUZ E SON. O SUBCONTRATADO ESTÁ PERFECTAMENTE DETALLADO E DOCUMENTADO.
PLANOS	SI, INDIVIDUAIS.

CONTRATACION

XMCR/rdi

Ref: PRODUCCIÓN SAN FROILÁN 2016

Asunto: ACTA LECTURA INFORME TÉCNICO E NOVA PROPOSTA SELECCIÓN

MEDIOS	NADA DO REALIZADO DIRECTAMENTE, SÓ DO SUBCONTRATADO.
SUBCONTRATACIÓN	SI, MOI DETALLADA.

OBSERVACIÓNS: Non se menciona a instalación de cadeiras e moqueta para o público; non obstante, ao non precisarse nos pregos as características técnicas que comprobar, simplemente debería asegurarse a súa subministración.

Non se menciona equipo de luz e son polo que non pode valorarse, sendo estas partidas (luz e son) as máis fundamentais por ser o obxecto do contrato.

Estimamos que esta proposta adoece dunha concreción mínima como para valorar a súa idoneidade. A pesar de ser o terceiro un prego de moita menor complexidade có primeiro e segundo, isto non obvia a necesidade de responder aos catro puntos das bases.

Lote 3. Patio do Seminario - **Alfonso Muñoz Meilán.**

MEMORIA	SI, EQUIPOS DE LUZ E SON DESCRITOS. OS ELEMENTOS OBXECTO DE SUBCONTRATACIÓN DETALLADOS E DOCUMENTADOS EXCEPTO CAMERINOS E CABINAS SANITARIAS (SÓ NOMES DAS EMPRESAS NA SUBCONTRATACIÓN: ALQUILER CEAO E SANILÚ).
PLANOS	SI
MEDIOS	SI
SUBCONTRATACIÓN	SI - SUPÓN O 74,14 % DO IMPORTE TOTAL: 31.762,50 € PROPOSTOS E 23.547,89 € SUBCONTRATADOS.

OBSERVACIÓNS: É precisa aclaración das cotas dos planos do escenario, que non son lexibles.

Non se menciona a instalación de cadeiras e moqueta para o público; non obstante, ao non precisarse nos pregos as características técnicas que comprobar, simplemente debería asegurarse a súa subministración.

Non se detallan os camerinos e cabinas sanitarias, só se mencionan as empresas ás que se lles van subcontratar (Alquiler Ceao e Recitor-Sanilú) polo que aínda que non pode valorarse se se adecúan ás características técnicas recollidas no prego: dimensións mínimas dos camerinos e existencia dunha cabina para persoas con mobilidade reducida, ao ser elementos prefabricados e estandarizados, a importancia da súa descrición previa é menos relevante cá dos medios do obxecto contractual (subministrar equipos de luz e son para realizar os espectáculos).

Estimamos que esta proposta, por ter o contido fundamental acorde ao prego, pode valorarse como apta. É o noso criterio a valoración da enumeración de todos os medios; sobre as calidades dalgúns deles como é o caso dos camerinos e cabinas sanitarias, ten o compromiso escrito e asinado de adaptarse ao sinalado no prego.

Lote 3. Patio do Seminario - **ASA-SON s.l.u.**

MEMORIA	SI
PLANOS	SI, DE SITUACIÓN DE TODOS OS ELEMENTOS NO PATIO.
MEDIOS	SI
SUBCONTRATACIÓN	SI, MOI DETALLADA DE TODOS OS ELEMENTOS SALVO DOS CAMERINOS E CABINAS SANITARIAS QUE SE

	MENCIONARON AO DEFINIR O
	SUBCONTRATADO.

OBSERVACIÓNS: Estimamos que esta proposta, por ter o contido fundamental acorde ao prego, pode valorarse como apta. É o noso criterio a valoración da enumeración de todos os medios; sobre as calidades dalgúns deles como é o caso dos camerinos e cabinas sanitarias, a empresa ten o compromiso escrito e asinado de adaptarse ao sinalado no prego. Da comprobación da oferta presentada por esta empresa enténdese que achega documentación suficiente en todos os puntos. "

Á vista do cal a mesa de contratación acorda:

1º- Manter a selección para os **LOTES 1 e 2** por cumprir as condicións e requisitos esixidos no prego técnico na documentación que se achega xunto coa oferta económica segundo informe técnico da Sección de Cultura transcrito nesta acta ás mercantis **PRODUCCIONES EMSAC S.L. e Don FERNANDO MARTÍNEZ RODRÍGUEZ) (FM SONIDO PROFESIONAL)**; respectivamente segundo o acordado polos membros da mesa de contratación na súa sesión celebrada o día 12 de setembro de 2016 , se ben EMSAC deberá realizar a aclaración contida no dito informe técnico e advertir á mercantil FERNANDO MARTÍNEZ da obrigada subministración da máquina de fume.

1º.- Excluir á mercantil SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. no **LOTE 3** (Producción espectáculos no patio do Edificio Administrativo do Concello) por non cumprir as condicións e requisitos esixidos no prego técnico na documentación que se achega xunto coa oferta económica segundo informe técnico da Sección de Cultura transcrito nesta acta.

2º.- Excluir á mercantil ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS S.L.U. no **LOTE 3** (Producción espectáculos no patio do Edificio Administrativo do Concello) por non cumprir as condicións e requisitos esixidos no prego técnico na documentación que se achega xunto coa oferta económica segundo informe técnico da Sección de Cultura transcrito nesta acta.

4º.- Excluir a don ALFONSO MUÑOZ MEILÁN no **LOTE 3** xa que aínda que cumpre os requisitos técnicos establecidos no prego técnico , da súa oferta resulta que excede a porcentaxe de subcontratación establecida legalmente no 60% do importe de adxudicación.

5º.- Propoñer a adxudicación do **LOTE 3** (Producción espectáculos no patio do Edificio Administrativo do Concello) a **ASA-SON S.L.U** por ser a oferta economicamente mais vantaxosa para o Concello e cumprir as condicións e requisitos esixidos no prego técnico na documentación que se achega xunto coa oferta económica segundo informe técnico da Sección de Cultura transcrito nesta acta

CONTRATACION

XMCR/rdi

Ref: PRODUCCIÓN SAN FROILÁN 2016

Asunto: ACTA LECTURA INFORME TÉCNICO E NOVA PROPOSTA SELECCIÓN

Sen mais que manifestar, conclúese ás 13,30 horas, no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTE

O SECRETARIO

Asdo: Ana Tabarés Martínez

Asdo: Xosé Manuel Cao Rei

